## Xulio López Valcárcel: «Torrente Ballester é un autor emblemático en toda a literatura universal»

R. L.

FERROL | El Curso Torrente Ballester, que dirige el profesor José Antonio Ponte Far, ha tenido que modificar, de forma inesperada, su programa. El hecho de que el poeta Xulio López Valcárcel haya sido invitado a hablar, como uno de los más representativos creadores de las letras gallegas contemporáneas, en la Feria Internacional del Libro de Guadalajara, en México, ha obligado a adelantar su conferencia en Ferrol, que tendrá lugar pasado mañana, jueves, a las 20 horas, en la sede de la Fundación Caixa Galicia, en el Cantón de Molins. «Era a única maneira de poder seguir contando coa súa presenza», subrayaba Ponte Far ayer, al tiempo que agradecía tanto al conferenciante como a los alumnos del curso su comprensión a la hora de modificar el programa previsto.

«Tamén eu agradezo que se pudiesen cambiar as datas da conferencia», señalaba por su parte López Valcárcel, mientras recordaba que Ferrol es, para él, una ciudad especialmente querida. «Eu sempre estiven moi vencellado a Ferrol, tanto a través do Premio Esquío do Poesía como das actividades da Fundación Caixa Galicia e da Sociedade de Cultura Valle Inclán. E teño que dicir que Ferrol é unha cidade que sempre me tratou moi ben, un lugar no que me sinto como se estivese na miña propia casa».

Con respecto al escritor cuya memoria reivindica el curso en el que hablará el jueves, López Valcárcel señala que «Torrente Ballester é un autor emblemático en toda a literatura universal», uno de los grandes de las letras europeas. Y sólo lamenta que no perseverase en su empeño de «escribir en galego a *Saga/Fuga de J.B.*». «Se Torrente Ballester tivese escrito na nosa lingua a *Saga/Fuga* —añade el poeta—, a literatura galega tería agora esa gran novela que o propio don Gonzalo reclamaba con insistencia».



López Valcárcel hablará en el Curso Torrente Ballester | JOSÉ CASTRO

**«Unha opción persoal»**

«O certo —dice López Valcárcel— é que Gonzalo Torrente Ballester é un escritor en castelán, e esa é unha opción persoal que el tomou libremente e que para min merece todos os respectos, se ben eu non podo deixar de lamentar que un autor do seu talento non escribise no noso idioma, que hoxe está a sufrir as circunstancias que todos sabemos».

Con respecto a su propia labor creativa, Xulio López Valcárcel, uno de los grandes autores de la lírica atlántica, dice que «a poesía ten que servir para facer a vida mellor, para que a existencia resulte menos difícil». Y a la hora de reivindicar un territorio, menciona, ante todo, «o da emoción».

A Diocese de Mondoñedo-Ferrol saca á Luz o Tumbo Pechado da Catedral

# Cal Pardo desvela unha parte fundamental da historia galega

Ramón Loureiro

FERROL | Enrique Cal Pardo, un dos grandes medievalistas de Galicia e deán da catedral mindoniense, acaba de sacar á luz unha parte fundamental da historia do país. O coengo e historiador, autor de obras monumentais como o seu *Episcopoloxía Mindoniense*, vén de publicar, nun volume impreso pola Deputación de Lugo, a documentación —na súa maior parte correspondente aos séculos XIV e XV— conservada no Tumbo Pechado da Catedral de Mondoñedo. Unha colección de documentos excepcional a todos os efectos, xa que permite comprender, a través de fontes ata agora inéditas, a realidade da Igrexa galega no solpor do Medievo.

Non é este que agora se edita, tras un labor de transcrición que durou longos anos, aquel *Tumbo de la Dignidad Episcopal de Mondoñedo* que frecuentemente mencionaron tanto Villaamil y Savedra como o Padre Flórez; o primeiro, nas súas *Memorias Históricas de la Santa Iglesia de Mondoñedo*, publicadas en 1763, e o segundo na súa *España Sagrada*, que viu a luz en 1789. Non, non o é... E o propio Cal Pardo así o advirte no texto introdutorio do volume recén saído, ao tempo que recorda que, por desgraza, aqueloutro tumbo segue nun paradoiro totalmente descoñecido. Este é un tumbo —termo co que tradicionalente se denominan os vellos libros de pergamiño nos que as grandes institucións, maiormente eclesiásticas, copiaban e custodiaban os seus privilexios— ben distinto: o da propia basílica. A denominación de Tumbo Pechado obedece ao feito de que o volume, que o cabido catedralicio gardou século tras século como o tesouro que era e que é, estaba dotado dun cerre do que aínda se conservan vestixios sobre as súas cubertas. A maior parte dos documentos que contén o libro están escritos en lingua galega, se ben hai nel tamén transcricións de textos latinos, e no caso dos documentos máis recentes se observa a crecente presenza do castelán na linguaxe administrativa.



Enrique Cal Pardo, cun dos tesouros bibliográficos da diocese | X. MARRA

**Características técnicas**

O Tumbo Pechado da Catedral consta de 250 folios de pergamiño, de 34,5 centímetros de alto por 24,5 de ancho. Nalgunhas épocas foi coñecido tamén como o *Libro de las Tablas Rojas*, ben fose pola cor das súas capas ou pola rechamante luminosidade das súas letras capitulares, da mesma tonalidade vermella. Entre os documentos que contén hai desde desde textos relativos á Coroa ata escritos da mitra e constitucións sinodais. Pero a parte fundamental fai alusión a testamentos, doazóns e privilexios, que en último termo son os que, como impagables fontes para o coñecemento da intrahistoria, permiten achegarse máis en profundidade ao funcionamento da igrexa mindoniense cando a Idade Media tocaba ao seu fin. E permite o Tumbo Pechado, ademais, documentar con exactitude os nomes e dignidades dos compoñentes dos que integraron o cabido catedralicio en moi diferentes momentos, e saber, ademais, cómo trascorrían os días daqueles fidalgos da Igrexa arredor da catedral dunha das máis antigas dioceses europeas.

## Ao Carón da Lareira dedicará una jornada cultural a la obra de Uxío García Amor

La Voz

FERROL | El colectivo cultural Ao Carón da Lareira, que coordina Fernando Puente, dedicará una jornada cultura a la obra de Uxío García Amor, una de las más destacadas personalidades de la Escola Literaria Diocesana. En la misma línea, el colectivo, que agrupa a clubes de lectores de toda Ferrolterra, también ultima los preparativos de un nuevo encuentro cultural dedicado a los poetas de la Galicia do Norte.

## Ferrol recordará a Araúxo con un homenaje póstumo

La Voz

FERROL | Ferrol, de la mano del Real Coro Toxos e Froles, que invitará a entidades culturales y sociales de todo el municipio a sumarse a su proyecto, recodará a Miguel Anxo Araúxo Iglesias con un homenaje a su memoria, en el que se reivindicará la importancia del legado de un obispo que jugó un papel fundamental en ámbitos tan diferentes como la galleguización de la liturgia o la defensa de los derechos de los trabajadores, de los labradores y de las gentes del mar. El Toxos e Froles tiene la intención, además, de crear un premio que lleve el nombre de Araúxo, en memoria de quien fue, además de uno de los más significados obispos gallegos de todo el siglo XX —su figura ha sido comparada a menudo con la del cardenal Quiroga Palacios, que como él mantuvo un talante decididamente galleguista y que también ostentó la mitra mindoniense—, para galardonar, cada año, a aquellas personalidades que más destacan en el mundo cultural desde una perspectiva decididamente cristiana y de compromiso con Galicia.

Araúxo Iglesias (1920-2007), que nació en tierras ourensanas, fue ordenado obispo de la diócesis ferrolano-mindoniense en el año 1970, y ostentó dicho cargo hasta 1985, año en el que presentó su renuncia al Papa. Tras una etapa de transición en la que la que al frente de la diócesis estuvo, como administrador eclesiástico, el canónigo catedralicio Uxío García Amor, la Santa Sede nombró obispo de Mondoñedo-Ferrol a José Gea Escolano, prelado de sensibilidad e ideología muy distante de la de su predecesor en el cargo.



El obispo Araúxo Iglesias fue miembro de la Real Academia Galega

Araúxo, que regresó a Ourense, donde falleció el pasado mes de julio, mantuvo hasta su muerte intensos lazos de afecto tanto con Ferrol como con Mondoñedo, las capitales de la que había sido su diócesis.